



CONCELLO DE MUROS

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE AXUDAS DE GASTOS FARMACÉUTICOS 2016/2017

Primeira. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O concello de Muros convoca subvencións para o desenvolvemento de programas que teñan por finalidade a concesión de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, o abeiro da ORDE do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.

O programa consistirá na xestión de axudas económicas ao cofinanciamento do 40 % dos medicamentos financiados polo Sistema nacional de saúde e prescritos a través de receita a familias con menores a cargo que atravesan dificultades económicas que estean empadroadas no termo municipal.

Segunda. DESTINATARIOS/AS E REQUISITOS.

Para os efectos da presente convocatoria terán esta condición aquelas familias das indicadas no parágrafo anterior que non superen os limiares de ingresos a que se refire o artigo 12.d) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e que teñan menores de 16 anos ao seu cargo.

A contía máxima que o Concello de Muros poderá conceder aos destinatarios finais do programa será de 120 euros por persoa integrante da unidade familiar e anualidade. Poderá superarse este límite nos casos en que a situación do destinatario final o faga aconsellable, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social emitido pola traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios básicos.



CONCELLO DE MUROS

Terceira. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA.

Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante (pai, nai ou titor).
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2015 dos/as pais/nais ou titores/ras legais. No caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda. Excepcionalmente, se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar ou no caso de percibir pensións non contributivas deberá acreditarla mediante informe social. Nos casos de separación ou divorcio estase ao previsto na Base 6ª para a determinación dos membros da unidade familiar. Os/as fillos/as entre 18 e 25 anos inclusive, que perciban rendas e non figuren na declaración da renda dos/as pais/nais aínda que residan con eles, deberán acreditar os seus rendementos e computarán como ingresos da unidade familiar.
- No caso de presentar solicitudes para varios irmáns/ás, só é necesario presentar un exemplar da fotocopia do DNI da persoa solicitante, do libro de familia e da declaración do IRPF dos proxenitores.
- Facturas orixinais ou copia cotexada que acrediten o gasto realizado. Dado o carácter finalista das axudas desta convocatoria, en ningún caso, o importe da axuda concedida polo Concello poderá ser superior ao gasto realizado polo/a beneficiario/a. En consecuencia, de ser necesario, realizarase o oportuno axuste na cantidade da axuda concedida en cada caso. Se se detectasen facturas falsas ou fraude na declaración dos datos facilitados perderase o dereito a obter as axudas en anos consecutivos.



CONCELLO DE MUROS

- Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias e da Seguridade Social e co Concello de Muros, de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao Concello de Muros para que realice as comprobacións oportunas durante o todo o período que dure o proceso, segundo anexo II.
- Volante de convivencia.

Documentación complementaria:

- Certificado que acredite o grao de minusvalía e/ou incapacidade nun grao igual ou superior ao 33% dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Certificado que acredite a situación de desemprego por un período superior a 6 meses durante o ano 2015 dalgún membro da unidade familiar, se procede.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

Cuarta. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

a) A solicitude presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Muros, de luns a venres en horario de 8.00 a 14.00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación destas bases.

Quinto. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar e o exercicio fiscal 2015. A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables. Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:



CONCELLO DE MUROS

- Os pais e nais non separados legalmente e, no seu caso, o/a titor/a ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2015.
- No caso de familias monoparentais, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerarase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentalidade, e sempre que o fillo ou filla teña sido recoñecido por ambos/ambas proxenitores/as, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como á atribución de pensión de alimentos en favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do proxenitor/proxenitora/responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- No caso de ausencia de ambos os dous proxenitores, para os efectos do cálculo da renda per cápita, incrementarase nun 1,6 o número real de membros que compoñen a unidade familiar
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos/as os/as fillos/as dos/as pais/nais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva coa persoa solicitante da bolsa de axuda. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou



CONCELLO DE MUROS

convenio regulador onde conste a custodia do menor. A valoración das solicitudes presentadas efectuarase segundo o seguinte cadro de puntuacións:

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR

- Puntuación de 0 € a 4.000,00 € 6 puntos.
- De 4.001 € a 5.000,00 € 4 puntos.
- De 5.001 € a 6.000,00 € 2 puntos.

As rendas per cápita superiores a 6.000 € non terán dereito a axuda. Ademais da renda per cápita teranse en conta as seguintes circunstancias sempre que se acrediten co correspondente certificado:

- a) Se algún membro da unidade familiar ten unha minusvalía igual ou superior ao 33%, puntuarase esta circunstancia con 2 puntos adicionais.
- b) Cando o/a pai/nai ou titor/a acrediten a situación de desemprego durante máis de seis meses no ano 2015 incrementarase a valoración con 2 puntos adicionais.

Quinta. IMPORTE MÁXIMO E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O importe total para axudas para o gasto farmacéutico prevese en 4 000 € para o ano 2016 e de 4 000 € para o ano 2017, e levarase a cabo mediante a tramitación anticipada de gasto que se imputará ao crédito do exercicio 2016, á aplicación orzamentaria 320/489.00, ao abeiro do establecido no artigo 56 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo). De acordo co mesmo, a concesión das axudas queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Sexta . DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 5ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 10 días para reparación de documentación. Transcorrido este prazo a comisión emitirá unha proposta definitiva que será fiscalizada pola



CONCELLO DE MUROS

Intervención municipal e deseguido procederáse á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local así como á súa publicación no taboleiro de edictos do Concello.

Esta convocatoria está condicionada a concesión por parte da Xunta de Galicia da subvención solicitada para este fin, o abeiro da ORDE do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 .

No caso de que o importe da subvención concedida sexa inferior o solicitado pola entidade, o importe das axudas será minorado proporcionalmente.

Oitava . COMPATIBILIDADE.

A percepción destas axudas será compatible coa percepción doutras coa mesma finalidade que se poidan percibir doutras administracións.

Novena. COMISIÓN AVALIADORA.

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:

- A alcaldesa.
- O/A interventor/a municipal.
- A traballadora social
- O/A administrativo/a de servizos económicos.

ANEXO I



CONCELLO DE MUROS

MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA GASTOS FARMACÉUTICOS 2016/2017

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (PAI/NAI/TITOR/A)

NOME E APELIDOS	
NIF	
ENDEREZO	
TELÉFONO	
IBAN	CC

DATOS DO/A MENOR

NOME E APELIDOS	

AXUDA SOLICITADA	<input type="checkbox"/> AXUDA DE GASTO FARMACÉUTICO 2016
	<input type="checkbox"/> AXUDA DE GASTO FARMACÉUTICO 2017

▪ **DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA (marque cun x)**
(unha soa fotocopia para todas as solicitudes da mesma unidade familiar):

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante (pai/nai-titor/titora).
- Fotocopia do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar.
- Declaración responsable segundo anexo II.
- Volante de convivencia.

Ingresos da unidade familiar (elixir a opción que corresponda):

- Fotocopia da declaración da renda (IRPF) 2015.
- Certificado da AEAT de non ter presentado a declaración no que se acrediten os ingresos obtidos no exercicio 2015.
- Outra documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.

▪ **DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE ACHEGA (marque cun x):**

- Certificado que acredite o grao de minusvalía dalgún membro da unidade familiar (se procede).



CONCELLO DE MUROS

- Certificado que acredite a situación de desemprego por período superior a 6 meses dalgún membro da unidade familiar (se procede) durante o ano 2015.
- Documentación acreditativa da situación de familia monoparental ou de ausencia de ambos os dous proxenitores.

▪ **XUSTIFICACIÓN OBRIGATORIA DAS AXUDAS DE GASTO FARMACÉUTICO:**

- Facturas orixinais do gasto realizado en medicamentos financiados polo Sistema nacional de saúde e prescritos a través de receita a familias.



CONCELLO DE MUROS

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____, con
NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a do/a, dos/das
menores _____,
_____.

DECLARO:

- 1.–Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e o Concello de Muros.
- 2.–Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 3.–Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

AUTORIZO:

– Ao Concello de Muros para que realice as comprobacións oportunas en relación cos apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pagamento das axudas para o gasto farmacéutico 2016/2017.